



## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA XUNTA DIRECTIVA DO GALP RÍA DE VIGO – A GUARDA

Recibidas alegacións a proposta de resolución provisional de data 8 de abril de 2026 ao respecto dos proxectos cos número de expedientes PE155A-2026-00163 e PE155A-2026-00221, estas foron debatidas pola Xunta Directiva.

A Xunta Directiva do GALP7, en xuntanza celebrada o día 24 de abril de 2026, (xuntase acta e declaracións de ausencia de conflito de interese), vista a proposta de resolución definitiva do equipo técnico do GALP, e de conformidade cos criterios establecidos na EDLP, ACORDA

1. Dar resposta as alegacións :

Foron desestimadas as alegacións dos proxectos: PE155A-2026-00163 e PE155A-2026-00221


2. Aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

- De concesión de axudas que figura no **anexo I,II,III**, por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xuntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto (**Anexo V**)
- De desestimación das axudas ás solicitudes que se indican no **anexo IV**, polos motivos que figuran nela.


De ser o caso, motivos que fan apartarse da proposta de resolución do equipo técnico ou aplicación do artigo da orde de bases que permite a minoración, limitar a contía de gastos ou establecer contías de subvención para todas as solicitudes no caso de proxectos de accións idénticas.

- [Redacted area]
3. Elevar a presente **proposta de resolución definitiva** á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións da selección de cada proxecto , como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas pola consellería aos GALP.
  4. Publicar a presente **proposta de resolución definitiva** no taboleiro de anuncios do GALP, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.
  5. Xuntase como anexo a esta proposta de resolución de Xunta directiva
    - Anexo I Proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva partida 760
    - Anexo II Proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva partida 770
    - Anexo III Proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva partida 780
    - Anexo IV Proposta de resolución definitiva DESESTIMADOS
    - Anexo V Baremacións

Vigo, a 24 de abril de 2026

  
Juan Manuel Gregorio Vaqueiro  
Presidente do GALP7



  
Joaquín López Goce  
Secretario do Galp7



Cofinanciado por  
la Unión Europea  
Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos